

ACTA DA REUNIÓN DO CONSELLO ASESOR DE COMUNICACIÓN DO CONCELLO DE AMES CELEBRADA O DÍA 1 DE OUTUBRO DE 2018 ÁS 20:00 HORAS.

Sendo as vinte horas (20:00) do día 1 de outubro de 2018, reúnense no salón de plenos da Casa consistorial, os representantes que foron designados para formar parte do Consello Asesor de Comunicación, que é o órgano asesor do Pleno do Concello en materia de comunicación, coa asistencia das persoas que de seguido se indican:

M^a Isabel Vaquero Quintela, concelleira de Normalización Lingüística e Comunicación, na súa calidade de presidenta do Consello asesor de comunicación do Concello de Ames.

M^a Isabel González Cancela, en representación do grupo municipal PSOE.

Genma Otero Uhía, en representación do grupo municipal Contigo Pódese.

Enrique Costas Bastero, en representación do grupo municipal I.C. - Ames Novo.

Xoan Xosé Hidalgo Neira, en representación das asociacións deportivas do Concello de Ames.

M^a Carmen Liñares Liñares, en representación das asociacións culturais do Concello de Ames.

Javier Carnota López, en representación do Colexio de Xornalistas de Galicia.

M^a Nazaret López Rodríguez, en calidade de técnica de Ames Radio.

Concepción Vilas Cantelar, funcionaria do departamento de Secretaría do Concello, que actúa como secretaria.

Punto primeiro.- Lectura e aprobación, de proceder, da acta da sesión anterior.

En primeiro lugar, sométese a aprobación a acta da sesión anterior, de 26 de xuño de 2018.

A acta resulta aprobada, cos votos a favor dos asistentes a aquela reunión, que son Isabel Vaquero, Enrique Costas, Xoan Xosé Hidalgo, Carmen Liñares, Javier Carnota e Nazaret López, e a abstención do resto dos presentes.

Punto segundo.- Propostas de programación cidadá outubro – decembro 2018 para Ames Radio.

Toma a palabra a presidenta do Consello Asesor de Comunicación para explicar que no pasado mes de xuño abriuse por segunda vez a convocatoria para facer propostas de programación para a radio municipal.

Intervén a locutora – redactora da radio municipal, Nazaret López, para expoñer que se presentaron 20 propostas de programas, todos eles moi interesantes, aínda que algún inviable, coma un de temática deportiva que se propoñía que fose diario. Como eran moitos e de duración dunha hora resultaba imposible levalos a cabo todos, polo que se decidiu limitalos a media hora para poder darlles cabida. Algúns repiten do ano pasado. Manteñen un que dura 1 hora porque leva 15 minutos gravalo.

Unha vez expostas as propostas, sométese a votación, quedando aprobado por unanimidade dos membros presentes.

Intervén **Enrique Costas**, para preguntar acerca da actividade de radioteatro coas escolas (“Teatro lido”). Contesta **Isabel Vaquero** dicindo que están as bases da convocatoria pendentes de trámite no departamento de Intervención municipal.

Isabel Vaquero engade que se puxeron en contacto os departamentos de normalización dos dous IES co do Concello e están traballando xuntos. Se fose o caso de que houbera que priorizar algúns, ela opina que habería que priorizar os programas cos centros de ensino sobre os programas da radio cidadá. Están pendentes dunha reunión con eles esta semana e a semana que vén comezarán as gravacións.

Punto terceiro.- Incidencias na radio municipal.

Toma a palabra novamente a presidenta do Consello **Isabel Vaquero** para explicar que houbo obras no local da radio municipal e deixaron de facer emisións por dúas veces. As obras consistiron en meter unha parte de formigón e tamén pequenas obras. Tamén lles afectaron ás emisións o incendio en Castiñeiro do Lobo, que afectou á antena. Di que tamén van a facer a limpeza da mesa de mesturas porque nunca tivo unha limpeza. Remata dicindo que está pendente tamén de sacar a licitación da publicidade e xa se aprobou a licitación para o deseño da páxina web municipal.

Non habendo mais asuntos de que tratar, a presidenta do Consello Asesor de Comunicación levantou a sesión sendo as vinte horas e corenta minutos do día de referencia, de todo o que eu como secretaria do Consello certifico.